



# ALGUNHAS OBSERVACIÓNS SOBRE O RETRATO PSICOLINGÜÍSTICO DA MULLER GALEGA (O CASO DO CUALIFICADOR)

**Elena Zernova**

Universidade de San Petersburgo

O uso das unidades lingüísticas que conforman o campo semántico de cualificación é unha das características máis expresivas da conducta lingüística. A selección dos cualificadores lingüísticos e o seu emprego adecuado na fala serven para crear un vivo retrato psico-sociolingüístico da persoa. En calidade de trazos diferenciadores máis relevantes poden sinalarse as características seguintes: frecuencia dos cualificadores, a súa diversidade, distribución léxico-semántica, tipo de gradación da calidade, uso do elativo, función comunicativa e posición sintáctica do determinante.

É indubidable que a diferenciación sexual é a dicotomía máis importante que recorre o xénero humano e como consecuencia debe manifestarse na lingua pese á unificación dos hábitos de discurso observada na sociedade moderna.<sup>1</sup> O aumento do interese dos lingüistas polo tema está directamente vinculado có auxe da ideoloxía feminista no mundo anglosaxón nos anos setenta. Os traballos daquela época caracterízanse por unha interpretación tendenciosa das particularidades femininas da fala e a aspiración a presenta-las unicamente coma manifestación do sexismo lingüístico. Os homes e as mulleres descríbense como grupos opostos social e lingüísticamente, pero homoxéneos no seu interior. Como resultado de tal interpretación xorde na lingüística a noción do “*genderlect*”, é dicir, dialecto determinado polo sexo do falante. En termos máis xerais, considéranse en calidade de características propias do “*genderlect*” feminino as seguintes:

1. as mulleres mostran tendencia ó discurso máis “correcto”, máis estándar que os homes;
2. a fala feminina caracterízase por maior cortesía en comparanza coa masculina;
3. no proceso do discurso a muller manifesta maior expresividade e

---

<sup>1</sup> Sen embargo, como afirman Angel López García e Ricardo Morant na súa *Gramática feminina*, editada por *Cátedra* en 1995, “aunque el lenguaje conforma de manera casi exclusiva nuestra personalidad individual y social, las observaciones relativas a las diferencias lingüísticas entre los dos sexos apenas apuntan esporádicamente entre los especialistas, y sólo han venido haciendo su aparición de manera más o menos sustancial nas últimas dos décadas” (López García e Morant 1995: 9).

- menor seguridade que o home;  
4. a fala feminina é menos oficial, máis íntima.

A noción de “*genderlect*” foi criticada, e con xustiza, por parte de moitos especialistas, que opinan que a aplicación deste termo crea un cadro demasiado abstracto, xa que supón que as diferencias existentes no código básico usado polos homes e mulleres son máis relevantes que as semellanzas e diferencias en concordancia coas cales os homes e as mulleres utilizan os trazos específicos dos códigos cruzados.

Nos anos noventa a investigación dos “*genderlects*” adquire unha orientación distinta. Xunto ó enfoque “*feminista*” do problema, que recibe un desenvolvemento activo en varios países, precisamente na última década, xorde unha viraxe nova no tema: os lingüistas prestan atención a que a linguaxe feminina, igual que a masculina, no seu interior non é tan homoxénea como o intentaran presentar antes e que non parece lexítimo afirmala existencia dos *genderlects* na lingua, xa que os seus trazos diferenciais poden estar determinados polos factores sociolingüísticos doutra índole (como son, por exemplo, os criterios de grao de formación, estado social, idade, etc.), así como polas particularidades psicolóxicas do falante. Xa con máis distinción empeza a poñerse de manifesto a necesidade do desprazamento do centro de gravidade nas investigacións do *genderlect* do campo da análise do sistema lingüístico á esfera do estudio da fala. As tarefas que se formulan na orde do día ante os investigadores da diferenciación social da linguaxe quedan formuladas nos últimos traballos dos lingüistas rusos: é preciso determinar se existen diferencias na *fala* (¡non na organización do sistema lingüístico!) entre os dous grupos fundamentais en que se divide a comunidade humana e, de existir estas, en qué consisten. Para contestar a esta pregunta cómpre investigar como falan en realidade os homes e as mulleres en distintas colectividadeas sociais e lingüísticas (Zemskaja e Shmeliov 1993: 101).

Para formar unha idea xeral de tal ou cal situación lingüística é necesario estudar paso a paso os seus compoñentes, procurando discernir os máis significativos. Ó seleccionar os fenómenos concretos para a análise, parece lóxico prestar atención en primeiro lugar a aqueles que foron sinalados como indicios relevantes da fala feminina xa na etapa inicial do estudio do *genderlect*, así como nos traballos de psico e etnolingüistas. Practicamente en todas as obras de tipo xeral sobre o tema “linguaxe e sexo” trátase do carácter afectivo e expresivo da fala feminina. A necesidade de estudar e sistematizalos procedementos que serven para creala forza expresiva da linguaxe e elaborala base de tal estudio os criterios diferenciais da fala feminina e a masculina parece evidente. Nesta esfera un lugar moi importante ocúpano os medios da apreciación lingüística. “No campo léxico nada diferencia os sexos mellor que a elección dos determinantes”, afirma D.Cameron (1983). Sen embargo, ignoro a existencia de estudos dedicados ó funcionamento de determinantes, sobre todo de adxectivos como representantes máis significativos desta categoría, no aspecto da diferenciación sexual do linguaxe.

Procurando encher esta lagoa, realicei un estudio do uso dos adxectivos e os seus equivalentes funcionais (grupos nominais “S de S”) na fala coloquial galega. Foron analizadas gravacións da fala espontánea dos habitantes de

Santiago de Compostela, Vigo e algunhas aldeas galegas.<sup>2</sup> A fala feminina e a masculina están representadas en fragmentos iguais. O número de informantes equivale a 60 (30 homes e 30 mulleres).

A análise céntrase na semántica e sintaxe das unidades adxectivais. Formúlase a tarefa de establecer se o significado do adxectivo e a súa posición na oración son indicios relevantes da fala feminina e a masculina.

Os adxectivos extraídos do texto das gravacións (cerca de 2000 lexemas) subdivídense en cualificativos y relacionais (os que serven para relacionar un obxecto con outro, como, p. ex., *metálico*, *revolucionario*, *petersburgués*, etc). Os grupos preposicionais con valor adxectivo (“S de S”) na maioría dos casos examínanse á parte, pero no caso da análise semántica únense ós adxectivos relacionais.

O estudio manifesta que a característica cualificativa do obxecto prevalece sobre a relacional como na fala feminina, tanto na masculina. Pero no seu interior esta tendencia xeral non é nada homoxénea. A definición relacional ten unha representación moito máis ampla na linguaxe dos homes que das mulleres. En termo medio, as mulleres utilizan os adxectivos relacionais dúas veces menos que os seus colegas varóns. Un cadro parecido obsérvase no funcionamento dos grupos “S de S”, que amosan a proporción 1:1,9.

A interpretación deste fenómeno reviste carácter extralingüístico e parece evidente. O rol que segue desempeñando a muller na sociedade galega, a pesar dos grandes cambios das últimas décadas, a súa ata agora relativamente escasa incorporación ó ámbito da comunicación oficial, xunto á frecuente limitación do campo dos seus intereses ós coidados cotiáns da súa familia non contribúen a súa entrada naqueles ámbitos do discurso que formulan a necesidade de expresar outros tipos de relacións entre os obxectos da realidade. A muller tende en grao moito maior que o home á característica cualificativa e apreciativa das persoas e cousas das que fala. O carácter extralingüístico das causas que forman a base do fenómeno indicado faise máis evidente ó estudia-los parámetros que caracterizan o corpus dos informantes. A análise estratificada demostra que a aparición dos adxectivos relacionais na fala popular en xeral é un fenómeno moito menos frecuente en comparación coa fala culta: un adxectivo relacional na fala popular masculina corresponde, en termos medios, a cinco cualificativos; na feminina esta desproporción é maior e equivale a 1:6.

Canto máis culta e máis instruída é a muller, tanto máis especializado resulta o tema que elixe para a conversación e tanto máis propia dela é a característica relacional do obxecto. Pódese citar como exemplo a charla dunha profesora de psicoloxía evolutiva da Universidade de Santiago de Compostela coa súa colega sobre temas profesionais. As unidades adxectivais nesta charla distribúense da maneira seguinte: 62 cualificativos, 51 relacionais e 32 grupos “S de S”. Como vemos, estes datos non corresponden de ningunha maneira ás tendencias xerais arriba mencionadas.

Ao mesmo tempo, na fala feminina analizada non se encontra un só caso de preponderancia dos adxectivos relacionais ou grupos “S de S” sobre os adxectivos cualificativos, o que se observa, aínda que moi raramente, na

---

<sup>2</sup> Utilízanse tamén as gravacións amablemente prestadas polos colaboradores do Centro Ramón Piñeiro e ILGA, o cal agradezo sinceramente.

fala dalgúns homes. Ese é precisamente o cadro que representa o funcionamento dos nomes adxectivos na fala dun empregado dunha empresa informática có seu amigo. Na súa charla encontramos 63 adxectivos relacionais e 76 grupos preposicionais contra só 36 adxectivos cualificativos. O tema da charla non é puramente profesional, aínda que o informante fala tamén, entre outras cousas, dos estudos e do traballo.

En cambio, moi típica da fala popular feminina é a situación na que, no transcurso dunha conversación que dura unha hora ou máis, a informante non utiliza ningún adxectivo relacional. Este fenómeno encóntrase no noso material en 9 casos dos 15 que analizamos, sendo informantes mulleres semianalfabetas (labregas, vendedoras de verduras no mercado, empregadas da limpeza, etc.) e falando sobre temas estritamente cotiáns, habituais. Claro está que mesmo nestas charlas xorde a necesidade de expresar unha característica relacional do obxecto, pero entón úsase a construción “S de S”, que sen embargo tampouco é moi frecuente neste tipo da fala. Situacións análogas á mencionada son moito máis raras na linguaxe dos homes pertencentes a capas inferiores da sociedade (só 2 casos dos 15).

Entón, a primeira conclusión que se segue do noso estudio consiste en que as mulleres e os homes se comportan de modo distinto con relación a unha das características globais dos medios de expresar a calidade do obxecto: valor cualificativo/valor relacional. Examinemos agora o significado léxico das unidades adxectivas en uso. A tendencia que foi rexistrada aquí de feito é a continuación lóxica da examinada antes. As mulleres, en grado maior que os homes, tenden a usa-los adxectivos, a semántica dos cales representa de modo notable o aspecto apreciativo ou expresivo, atenuando ou mesmo borrando en moitos casos o valor denotativo. Trátase dos adxectivos propiamente apreciativos do tipo *bo*, *malo* (*mao*), *ruín*, *bonito*, *feito*, *feo*, *precioso*, *magnífico*, *estupendo*, *xeitoso*, *aquelado*, *fantástico*, *terrible*, *horrible*, *arrepiante*, *fatal*, *sinistro*, etc. Hai que sinalar que as mulleres mostran unha preferencia evidente ós determinantes de sentido positivo, evitando as características negativas.

Desde logo, non sería correcto afirmar que os homes non utilizan no seu discurso estes lexemas. Figuran, sen dúbida, na fala masculina, e son bastante frecuentes. Pero o seu peso específico no número total dos adxectivos “masculinos” é considerablemente menor en comparanza cos “femininos” (a proporción xeral é 1:2), e ademais entre os homes a apreciación dos obxectos e fenómenos reviste con maior frecuencia o carácter cuantitativo que cualificativo, o que se manifesta, en particular, na predominancia de unidades adxectivas que representan o campo semántico “grande-pequeno” na fala masculina e na preferencia ó emprego de lexemas do campo semántico “bo-malo” na feminina.

Con todo isto, a análise do material lingüístico non permite afirmar que existan lexemas puramente “femininos” ou “masculinos”, nunha lista que determinados lingüistas intentan elaborar. Desde logo, temos fixados no noso material casos singulares do uso de tal ou cal unidade léxica na linguaxe de un ou varios homes, ou de varias mulleres. Porén, estes datos non poden servir de base para atribuír tales lexemas á categoría de trazos específicos de tal ou cal grupo social, xa que a súa frecuencia é mínima. Como xa teño

mencionado, o estudio realizouse a partir dun amplo material lingüístico, así é que con toda razón pódese deducir que as preferencias na elección dun adxectivo concreto na comunidade lingüística feminina ou masculina axústanse ó nivel de tendencias máis xerais e están determinadas en maior medida pola predilección individual do falante.

Un indicio moito máis importante da diferenciación sexual da linguaxe é a presenza/ausencia do compoñente de expresividade na semántica dos determinantes. Con relación a este criterio a fala dos homes e as mulleres diferénciase dun modo notable.

Chama ante todo a atención a distinta actitude de estes dous grupos sociais con relación á expresión da medida de intensidade apreciativa designada polo determinante. Os grados da apreciación poden ser representados nunha escala situada entre dous polos ocupados un —polo cuantificador *un pouco*, e outro— por diferentes formas do elativo.

A análise do material lingüístico desde tal punto de vista mostra que os homes mencionan o grado mínimo da calidade máis a miúdo que as mulleres. A medida que vai aumentando a intensidade apreciativa, o centro de gravidade vai desprazándose cara a mulleres. O intensificador *ben* se encontra en 112 casos femininos contra 18 masculinos, *moi-* en 445 femininos contra 98 masculinos. Outros indicios do elativo (*tan, bastante, abondo, demasiado, de máis*, adverbios intensificadores en *-mente (sumamente intelixente)*, sufixos *-ísimo (soísimo, ferocísimo)* e *-érrimo (celebérrimo)*, prefixos *super- (supermoderno, superrico)*, *hiper- (hipersensible)*, *re- (téño resabido)*<sup>3</sup>, *reque-*, *requete- (estás requeteguapo)*, etc.) empréganse na fala masculina con bastante menor frecuencia en comparanza coa feminina (a proporción é 1:1,8).

No ámbito da sufixación merecen atención especial os diminutivos e aumentativos que non só serven para expresa-lo grado elativo, senón tamén dan máis forza expresiva á linguaxe. Sen dúbida, é unha das tendencias da fala das mulleres. Por exemplo, a forma neutral do adxectivo *grande* encóntrase 282 veces na fala masculina contra 123 na feminina, pero o emprego da mesma raíz con sufixos de connotación ponderativa cambia completamente a proporción: *grandiño* –24 femininos contra só 3 masculinos; *grandón* –34 contra 5; *grandeiro* –8 contra 2; *grandeirón* –6 contra 1; *grandullón* (con acumulación dos sufixos) –5 contra 0. O mesmo pasa co adxectivo *pequeno (pequeniño, pequena)* e con moitos outros (*quentiño, faciliño, pequenecho, feón, malecha, fracucho, gordote*). O cadro que se perfila está moi claro: o compoñente expresivo na semántica dos determinantes é máis ben propio da fala feminina.

É notable tamén a diferenza no uso dos adxectivos que encerran no mesmo significado léxico a semántica do elativo. Cualificadores expresivos como *marabilloso, fantástico, precioso, xeitoso, estupendo, extraordinario, fóra de común, terrible, fatal, sinistro* e moitos outros figuran na linguaxe das mulleres cunha frecuencia case superior ó 50 % con relación ós varóns.

É moito máis propio das mulleres duplica-los semas elativos, o que se manifesta na reunión de dous ou máis indicios do supremo grao de calidade:

<sup>3</sup> Os autores da *Gramática femenina* sinalan o uso dos intensificadores *re-* e *so-* “de carácter cólerico, y en los vocativos dos piropos” como unha das tendencias varonís (López García e Morant 1995: 104). Pode ser un caso particular, pero o material de que dispoñemos comproba o emprego do prefixo *-re* cós adxectivos cualificativos en xeral como un fenómeno máis estendido na fala feminina.



o léxico (adverbio intensificador) e o morfolóxico (sufixo) *–moi fresquiño, moi preciosísimo, tan grandón, bastante amabilísimo, moi fracucho, tan boiño*, etc.; o sintáctico (iteración) e o morfolóxico (sufixo) *–é lixeiriño*; dous léxicos (dous adverbios, ou un adverbio e un adxectivo de valor elativo) *–moito máis grande, moitísimo máis pequeno, bastante máis caro, ben máis feito, completamente horroroso*, etc. A iteración do adxectivo ou do intensificador co fin de crear máis forza expresiva é tamén unha das tendencias características das mulleres: *moi moi arrepiante, é moi moi moi nobre, moi moi moi xeneroso, é parvo parvo, preciosísimo pero preciosísimo, é ben máis maior, máis maior*.

Maniféstanse diferencias bastante notables na semántica do portador da calidade, expresada polo nome adxectivo. A análise demostra que os homes e as mulleres diferencian o emprego dos cualificadores con relación á seguinte subcategorización semántica: “persoa” –“non persoa (cousa)”– “noción abstracta”. As mulleres tenden a elixir en calidade de obxecto de cualificación ás persoas case dúas veces máis frecuentemente que os homes. E ó contrario: unha cousa (non persoa) modifícase con axuda do adxectivo na fala feminina cunha frecuencia vez e media menos que na masculina. Unha noción abstracta (sobre todo o estado dunha persoa) coméntana as mulleres un pouco máis frecuentemente que os homes (a proporción é 1,3:1). Estes datos evidencian o feito de que as mulleres centran máis a súa atención nas persoas e as súas emocións, mentres que os varóns prefiren comenta-la situación fóra do ser humano, tendendo a elixir temas profesionais para as súas conversacións.

A posición sintáctica do adxectivo esixe un comentario especial. Como é sabido, o adxectivo na oración pode acompañalo substantivo en función de adxacente dentro da frase nominal, ou pode intervir en calidade de membro predicativo. Os adxectivos atributivos, á súa vez, distínguense en concordanza coa orde lineal dos elementos do sintagma nominal, ou sexa poden adoptar unha posición anterior ou posterior ó nome substantivo.

Resulta que a conducta sintáctica do adxectivo tamén reflicte as prioridades das mulleres e dos homes. As mulleres tenden a cualifica-lo obxecto segundo o modelo predicativo, formando a proposición co determinante en calidade do núcleo informativo: *Esa terra é fermosa*. Os homes, ó contrario, prefiren emprega-los adxectivos nas frases atributivas que entran, dun modo íntegro, en tal ou cal enunciado (*E unha terra fermosa*). Por unha parte, este fenómeno evidencia as tendencias mullerís a formar xuízos soltos, a base de estruturas sintácticas máis cortas e simples que as dos homes, os que, a súa vez, tenden a empregar oracións máis longas e complicadas con frases nominais integradas nelas. Por outra parte, as ditas tendencias reflicten o carácter máis categórico, máis perentorio da fala masculina en comparanza coa feminina: antes de desenvolve-lo enunciado contendo unha frase atributiva, a muller primeiro a constrúe a través da presentación predicativa do determinante, tenteando así, dun modo consciente ou inconsciente, cal será a reacción do interlocutor a súa afirmación, como se estivese sondando o terreo antes de pisalo. O home, ó contrario, tende a representa-la característica do obxecto con maior seguridade, sen introducilo previamente.

No que respecta á posición e valor funcional do adxectivo atributivo, en liñas xerais tanto os homes como as mulleres dan preferencia ós determinantes pospostos, significativos desde o punto de vista informativo, coa única diferenza de que os homes se inclinan un pouco máis pola posición posterior ó substantivo. A correlación xeral dos adxectivos pospostos e os antepostos exprésase na proporción 2,2:1 na fala masculina e 2:1 na feminina. A única excepción preséntaa a fala popular feminina, na cal os adxectivos antepostos predominan sobre os pospostos (na proporción 1:0,9). Pero a interpretación deste fenómeno está ben clara e explícase polo corpus léxico de determinantes neste tipo de linguaxe: a maior parte dos determinantes na fala popular das mulleres a forman os adxectivos do uso frecuente: *moito, grande, bo, mao, vario, distinto, último* e outros, que adoitan anteceder ó substantivo. Na linguaxe culta tales unidades léxicas empréganse con relativamente menor frecuencia, e ademais, as persoas que dominan a norma lingüística adoitan ser máis sensibles ós matices da diferenciación semántica con relación á posición do adxectivo: a tendencia normativa reserva para os determinantes informativos (os máis repetidos na linguaxe coloquial) a posición posterior. Cabe sinalar que os homes en xeral fixan de maneira máis correcta que as mulleres o lugar do adxectivo atributivo: a maioría esmagante dos adxectivos antepostos na fala dos varóns son determinantes integrais, non (o pouco) informativos, o que corresponde ás tendencias normativas da fala culta. Así que neste aspecto do funcionamento do adxectivo atributivo, segundo o material de que dispomos e contra a opinión difundida, resulta ser máis correcta a fala masculina, e non a feminina.

Os resultados da análise efectuada representan distintos retratos psicolingüísticos de mulleres e de homes. Para concluír, enumeremos brevemente as súas características principais:

1. As mulleres son máis propensas a comentar as cuestións vinculadas coa persoa en xeral, e coa falante e o seu interlocutor en particular, mentres que os varóns mostran maior interese polo mundo de ideas e cousas que pola persoa e as súas emocións, o que reflíctese na maior frecuencia con que as mulleres elixen á persoa como portadora da calidade.
2. É máis propio das mulleres dar unha característica cualificativa de persoas ou cousas que determinar distintos tipos de relacións entre os obxectos: é algo que ponse de manifesto no menor peso específico dos adxectivos relacionais na fala feminina en comparación coa masculina. Dentro da categoría dos adxectivos cualificativos as mulleres tenden máis ós cualificadores puramente apreciativos, de semántica positiva ante todo.
3. Por regra xeral, as mulleres son máis emocionais e expresivas na súa conducta lingüística en comparación cós homes, poñéndose isto de manifesto na predominancia de diversas formas do elativo na fala feminina, na escolla dos sufixos apreciativos, no emprego dos lexemas de carácter expresivo.
4. A menor seguridade das mulleres na expresión das súas ideas reflíctese na preferencia que manifestan as señoras polo emprego predicativo do adxectivo, que pode considerarse como un paso introductivo, previo antes de emitir un xuízo máis categórico.

### **Bibliografía citada**

- CAMERON, Deborah. *Feminism and Linguistic Theory*. Cambridge, 1983.
- LÓPEZ GARCÍA, Ángel e MORANT Ricardo. *Gramática femenina*. Madrid: Cátedra, 1995.
- ZEMSKAIA E.A., SHMELIOV D.N. *Russkiy yazik v ego funktsionirovanii. Kommunikativno-pragmaticheskiy aspekt*. Moskva, 1993.

Zernova, Elena. “Algunhas observacións sobre o retrato psicolingüístico da muller galega (o caso do cualificador)”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.